

tos sen apriorismos e está avalado por un compromiso vital que tremeloce en cada unha das páxinas que conforman este libro ■ **Xosé Monteagudo**


Memoria recibida en herdo

VENTO DE SAL
XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ CÁCCAMO
Galaxia / 2008 / 112 páxinas

A publicación do último libro de poemas de Xosé María Álvarez Cáccamo cadrou coa reedición, na mesma colección, de *Canle segredo*, poemario escrito polo seu pai, Xosé María Álvarez Blázquez, en 1953, que permanecera inédito até 1976. Tal circunstancia fixo que a recepción de *Vento de sal* se vise, cando menos nun primeiro momento, un tanto eclipsada polo protagonismo que estaban a acadar tanto a obra do escritor homenaxeado no Día das Letras Galegas como os testemuños dos seus descendentes.

Os camiños que segue Xosé María Álvarez Cáccamo neste novo libro parten dun pouso ben coñecido na súa obra anterior, compilada no ano 2003 no volume *Ancoradorio*. Trátase da memoria, tema central e motor da súa poesía, que esgalla, andando os anos, en dúas pólas por veces entrecruzadas: a memoria íntima e a memoria histórica. Da memoria íntima flúe unha poesía centrada na infancia e nos recordos familiares (principalmente a casa e a figura paterna). Da histórica, un discurso explícito e combativo que reconstrúe, por veces con nomes e apelidos, os crimes cometidos no ano 36 e se solidariza tamén coas causas do presente. O verso intimista é, con todo, o máis representativo da escrita de Xosé María Álvarez Cáccamo desde o seu primeiro libro en galego, *Praia das furnas*.

A memoria íntima e familiar é tamén a columna principal que sostén *Vento de sal*. Na primeira das seccións nas que se estrutura o libro —considerabelmente máis extensa



que a segunda— asistimos a un intento de recuperación do pasado que comeza precisamente por “aquele que foi o meu corpo”. A voz que enuncia esta sección constata con nostalgia a incapacidade para recuperar momentos, sensacións e vivencias afastadas pola *seda de ferro* do tempo. Nese empeño, camiña polos recordos da infancia coa presenza das figuras imborrábeis dos pais, referentes principais no conxunto da súa poesía: “escoito a voz mansiña de meus pais / que me prometen paz / e as augas non me levan”. Os pais son neste libro, alén de abeiros protectores, os transmisores dunha memoria *ferida* (“este fillo, / ferido na memoria dos pais / tarde adentro, tan lonxe”), pois a infancia é tamén un territorio marcado polo espanto.

O exercicio de reapropiación das vivencias pasadas bate coa imposibilidade de regreso e deixan ao descuberto escenarios oníricos por onde vagan personaxes *desnortados*: “o pai e a soidade”, a avoa, o “home colosal que conversa coas pedras”, ou “a muller [...] que se funde na terra co solpor”.

A reconstrución da memoria privada levada a cabo de *Vento de sal* xira arredor dun símbolo central que tampouco resulta descoñecido na poesía de Xosé María Álvarez Cácca-

mo. Refírome á casa, refuxio protector susceptíbel, no entanto, de experimentar transformacións e converterse mesmo nunha *casa en derrota*. A casa convive, tamén neste libro, cun tecido simbólico de procedencia natural, cósmica, que moitas veces semella estar ao servizo do paso do tempo e da propia escritura:

*Vagarosamente as horas
fabrican a memoria, seiva, cinza,
con émbolos e agullas, deixan
oficio sutil nos cadernos da area.*

A xeito de apéndice, dada a desproporción existente entre as dúas partes á que xa me referín, inclúese “Desde dentro da única zona de luz”, unha sección na que o poeta bota man do verso social para falar tanto da memoria histórica (“Sempre Alexandre Bóveda”) como do presente (poemas a Xosé Manuel Beiras ou de denuncia da catástrofe do *Prestige*). Estes textos, nados na súa maioría con motivo dalgunha circunstancia, constitúen unha escritura *contra a mentira negra* e unha denuncia explícita, como acontece na composición “Contra George Bush, criminal de guerra”. A casa cobra, no último dos poemas desta sección, unha dimensión negativa e convértese nunha *casa da boca escura*, pechando deste xeito a arquitectura simbólica.

Vento de sal volve, polo tanto, sobre os escenarios máis transitados e entrañábeis da poesía do escritor, *a memoria recibida en herdo*, e elabora, nas páxinas finais, versos para denunciar a historia pasada e presente ■ **María Xesús Nogueira**

Un retorno perenne a Neda

XUVIA REVISITADA
VICENTE ARAGUAS
Colección Esquíu / 2008 / 72 páxinas

A sí é como te vexo, despois de tantos anos / adorando o teu nome, / deixándome levar por ti”, son os tres primeiros versos de